

IV BIENAL DO SIMPOSIO DE ESCULTURA AO AIRE LIBRE DO GROVE

2016-2017

1. Condicións xerais

- O Simposio terá lugar no municipio do Grove (Pontevedra) e as obras realizadas quedarán en propiedade do Concello.
- A duración será de 24 días, comprendidos entre o 22 de setembro e o 15 de outubro de 2017. O día 22 terá lugar a inauguración (ás 18.00 h) e o día 15, pola mañá, a entrega de premios.
- Os/as participantes terán que chegar para o acto inaugural e marcharán o día da entrega de premios. O Concello non se fará cargo dos gastos ocasionados por chegadas anteriores ou partidas posteriores aos días sinalados.
- As persoas participantes esculpirán a totalidade da obra seleccionada durante eses días.
- A participación neste simposio implica a aceptación das presentes bases.

2. Participación

- Este simposio está aberto a todos/as os/as artistas do mundo, maiores de idade, calquera que sexa a súa nacionalidade e lugar de residencia.
- Cada participante só poderá presentar unha obra á selección previa.

3. Materiais

- O material para empregar será o granito, en calquera das variedades existentes en Galicia, sempre que a súa adquisición estea ao alcance do Concello (*ver anexo).
- As dimensións do bloque para utilizar limitáanse a uns máximos de 1,80 x 1,80 x 0,50 metros (1,62 m³) ou dimensións similares dentro do volume de referencia que se dá.

4. Ferramentas e lugar de traballo

- Cada participante utilizará as súas propias ferramentas.
- O Concello facilitará a manguera de compresor e a enerxía eléctrica a pé de obra, así como a posta a punto de ciceles e punteiros.
- A cada participante entregaráselle un disco de diamante ou corte para granito para realizar a súa obra, agás que non o necesite ou, debido a algún problema eventual, sexa necesario un segundo disco.
- Facilitaráselle 4 cortes á pedra sempre que o/a escultor/a os indicase e solicítase na proposta enviada ao concurso. De non se indicaren no bocexo, non poderán pedilos a posteriori.

5. Tema

- O tema será libre.
- Non se poderá pintar o granito nin cubri-lo de calquera outro material.
- Se na obra, inicialmente, se proxecta a combinación de granito con outro material (como metal ou madeira) será o Concello o que, en función das posibilidades técnicas e económicas, decida a viabilidade ou non da obra.

6. Asistencia

- O Concello correrá cos gastos de viaxe das persoas participantes seleccionadas.

- b) O Concello proporcionaralles aloxamento ás persoas participantes desde o día 22 de setembro ata o 15 de outubro, ambos incluídos.
- c) O Concello proporcionará a manutención dos/das artistas seleccionados/as desde o 22 de setembro ata o 15 de outubro.
- d) En ningún caso se fará cargo o Concello doutros gastos, como os derivados das visitas de amigos ou familiares dos/as escultores/as durante o evento.

7. Selección de participantes

- a) O xurado estará composto por: un/unha licenciado/a en Arquitectura, Enxeñería ou Belas Artes, un/unha artista ou crítico/a de arte, o alcalde do Grove ou o/a concelleiro/a en quen delegue, un membro do Consello Sectorial de Turismo, designado por este.
- b) O xurado seleccionará os bocexos ou propostas que considere viables nas semanas seguintes á finalización do prazo de presentación.
- c) Os bocexos e maquetas enviadas para participaren no Simposio quedarán en propiedade do Concello. Non se devolverá ningunha das propostas presentadas.
- d) Comunicaráselles a súa selección ás persoas participantes coa maior brevidade posible.
- e) A decisión do xurado será inapelable.

8. Prazo e envío de documentación

- a) O prazo para a recepción de propostas queda aberto coa publicación destas bases e concluirá o 2 de xuño de 2017, ás 14.00 h.
- b) A obra proposta e a súa documentación deberán enviarse ao seguinte enderezo:

Concello do Grove
Simposio Internacional de Escultura
Praza do Corgo, 1
36980 O Grove
Pontevedra

Ou ben ao correo electrónico: alcaldia@concellodogrove.es

- c) O proxecto ou maqueta (ou a fotografía) da obra proposta deberá ir acompañado de:
 - Datos persoais do/a autor/a
 - Currículo
 - Fotografía do/a escultor/a traballando
 - Fotografía da obra proposta para participar no Simposio e bocexo coas medidas da peza proposta
 - Ficha de inscrición e copia destas bases asinada

9. Seguro

O Concello subscribirá un seguro que cubra os/as escultores/as durante a súa participación neste simposio.

10. Catálogo



- a) Coas obras seleccionadas editarase un catálogo en que figurará a fotografía do/a autor/a e da maqueta da obra proposta.
- b) A cada participante entregaránselle 5 exemplares deste catálogo.

11. Premios

- a) Todas as obras seleccionadas optarán aos seguintes premios:
 - 1.º premio: 1.500 euros e diploma acreditativo.
 - 2.º premio: 900 euros e diploma acreditativo.
 - 3.º premio: 500 euros e diploma acreditativo.
- b) A todos os premios se lles aplicarán as retencións correspondentes.
- c) Os premios aboaranse coa condición indispensable de ter rematada a obra.
- d) Os premios ingresaranse na conta facilitada polo/a escultor/a. Para iso é necesaria a achega dun certificado bancario co seu número de conta e dunha copia do seu DNI ou pasaporte.

12. Información xeral

- a) Durante o Simposio, o/a escultor/a deberá estar disposto/a ao contacto co público que se achegue a velo traballar e cos medios de comunicación que o/a requiran.
- b) O evento realizarase baixo calquera circunstancia climatolóxica.
- c) Os/as artistas non poderán ausentarse sen autorización do Concello en ningún momento mentres dure o Simposio.

*Anexo: tipos de granito galego

O Grove, 6 de marzo de 2017

Jose A. Cacabelos Rico

Alcalde do Ilmo. Concello do Grove

